

Estatutos

Federación de ANPAs dos

Centros Públicos

de Educación Infantil, Primaria e

Secundaria

do Concello de Santiago

“Compostela”

Estatutos da Federación de ANPAs dos Centros Públicos de Educación Infantil, Primaria e secundaria do Concello de Santiago “Compostela”

TÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, EIDO.

Artigo 1. Denominación.

Esta federación rexerese polos presentes Estatutos, e en todo canto non estea previsto nos mesmos aplicarase a vixente lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a lei orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de xullo de 1985 e demais disposicións específicas de aplicación que proveñan da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española e as demais leis e disposicións complementarias que lle sexan aplicables.

O nome da mesma é: Federación das ANPA dos Centros Públicos de ensino da comarca Santiago “Compostela”. En diante nestes estatutos denominarase Federación de ANPAs Compostela.

Artigo 2. Esta Federación de ANPAs Compostela constitúese por tempo indefinido e sen ánimo de lucro e basease no principio de igualdade de todas as ANPAS que a integran.

- a) A acción federativa respectará a autonomía de cada asociación afiliada, sen se inmiscir nos asuntos internos destas.
- b) A inclusión e separación de cada ANPA na Federación de ANPAs Compostela será libre e voluntaria.

Artigo 3. A Federación de ANPAs Compostela ten como obxectivos os seguintes:

- a) Asistir ás asociacións de nais e pais integrantes en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos e pupilos.
- b) Asistir ás asociacións no exercicio do seu dereito a participar na xestión do Centro de Ensino.
- c) Facilitar a representación das asociacións de nais e pais de alumnos no Consello Escolar e nos órganos colexiados que se establezan.
- d) Estimular a participación das asociacións nais e pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- e) Fomentar as relacións de cooperación dos distintos centros educativos municipais con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais do contorno.

- f) Promover a plena realización do principio de gratuidade no seu eido, así como a efectiva igualdade de dereitos de tódolos/as alumnos/as sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- g) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, demandando a atención e axudas que esta merece.
- h) Promover actividades formativas, culturais, deportivas, de estudo e de lecer. Así como potenciar a lingua e cultura galegas.
- i) Favorecer as reunións de colaboración entre as distintas administracións e demais organismos directamente implicados no ámbito educativo para conseguir un ensino público de alta calidade, gratuíto e que desenvolva a personalidade do alumnado, respectando os principios democráticos de convivencia e os dereitos e as liberdades ao abeiro da Constitución de 1978.
- j) Colaborar e participar nas actividades educativas complementarias e extraescolares no seu ámbito de actuación.
- k) E todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4. Para o cumprimento de estes fins realizaranse todas aquelas actividades relacionadas coa protección da infancia e a xuventude, e que consisten en cursos educativos, talleres, accións formativas, culturais, deportivas, de estudo e lecer; ben prestadas directamente pola Federación de ANPAs Compostela ou por medio das ANPAs federadas, con recursos propios ou a través de convenios, concursos, acordos, etc. coas administracións públicas, en centros escolares ou fóra deles.

Artigo 5.

- a) Para a realización das actividades que lle son propias a Federación de ANPAs Compostela utilizará os locais que o Concello de Santiago de Compostela poña á súa disposición, así como os espazos e tempos a empregar nos distintos centros de ensino das ANPAs federadas, procurando a integración de ditas actividades na vida escolar e tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.
- b) A efectos da utilización dos locais do Concello e os dos centros educativos a que se refire o apartado anterior, será necesaria a previa comunicación da Xunta directiva da Federación de ANPAs Compostela a quen corresponda a titularidade do local.

| **Artigo 6.** Para o mellor cumprimento dos fins, esta Asociación poderá integrarse noutras federacións de ANPAS dun ámbito territorial superior.

Artigo 7. O ámbito da Federación de ANPAs Compostela corresponde aos límites territoriais dos concellos onde teña ANPAS asociadas e ten o seu domicilio

no CEIP de onde proveña o seu presidente ou presidenta ata o momento no que fixe unha sede definitiva propia.

TÍTULO II

ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Para cumpri-los seus fins a Federación de ANPAs Compostela rexerese polos seguintes órganos de goberno:

- Asemblea xeral
- Xunta directiva

A ASEMBLEA XERAL

Artigo 8. A asemblea xeral é o órgano supremo e soberano da Federación de ANPAs Compostela e estará integrada por tódolos socios. Os seus acordos obrigan a todas as ANPAs federadas. Estará constituída polos delegados designados polas ANPAs que a integran, que para estes efectos expedirán as credenciais correspondentes.

O número de delegados con dereito a voto por cada ANPA será de dous.

Para adoptar acordos teranse en conta os delegados presentes.

A votacións efectuaranse a man alzada, aínda que será secreta sempre que o soliciten a maioría dos delegados.

Artigo 9. As reunións da asemblea xeral serán ordinarias ou extraordinarias. A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ó ano, dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio e nela propoñerase a aprobación das contas e presupostos e programa xeral da actuación social. Tamén nela se procederá á elección de membros da Xunta directiva cando corresponda por imperativo estatutario; a asemblea extraordinaria celebrarase por acordo da xunta directiva ou por unha petición formulada, cando menos, por 1/3 das ANPAs federadas. Neste último caso formularase a petición, por escrito, coa orde do día que se propón.

Artigo 10. As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos cinco días e como máximo quince, podendo así mesmo facerse constar a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 11. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, estarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos delegados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de delegados presentes. Os acordos tomaranse por maioría simple das asociacións presentes ou representadas, cando os votos afirmativos

superen ós negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 12. A mesa da asemblea estará constituída pola xunta directiva da Federación de ANPAs Compostela, salvo no punto da orde do día que trate de eleixir á xunta directiva.

Será necesario o voto favorable dos dous terzos dos asociados presentes na asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento da Xunta directiva.
- b) Determinar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- c) Disposición e venda de bens.
- d) Solicitud de declaración de utilidade pública.
- e) Integración en confederacións.
- f) Modificación estatutaria.
- g) Disolución da Federación de ANPAs Compostela.
- h) Para expulsar a algún membro.

A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13.

- a) A Federación de ANPAs Compostela estará representada e administrada por unha Xunta directiva formada por: un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria, un tesoureiro ou tesoureira e como mínimo tres vogais. Os membros da Xunta directiva serán membros das respectivas xuntas directivas das asociacións integrantes da Federación de ANPAs Compostela.
- b) Todos os cargos que compoñen a Xunta directiva en ningún caso poderán percibir remuneración de ningún tipo, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas e previamente acordados pola Xunta directiva. Estes serán designados e revocados por unha asemblea xeral ordinaria ou extraordinaria que se celebrará ao rematar o curso académico e o seu mandato terá unha duración máxima de dous anos, renovándose cada ano a metade dos membros. O mandato dos membros da xunta directiva prolongarase en todo caso ata a finalización do curso académico no que cesen como membros da súa Anpa respectiva.
- c) Será incompatible pertencer á Xunta directiva e exercer actividades públicas ou privadas que poidan xerar conflito de intereses coa Federación de ANPAs Compostela a xuízo da asemblea xeral. Tamén será incompatible ostentar a presidencia, secretaría ou tesourería con ser candidato ou candidata ás eleccións xerais, autonómicas e

municipais representando a comarca compostelá, así como ter cargos políticos da administración educativa en calquera ámbito.

- d) Os membros da Xunta directiva serán cesados se incorren nalgunha incompatibilidade do apartado anterior, por perderen a condición de nai, pai ou titor/a do/a alumno/a membro dunha ANPA afiliada e por non asistir, sen xustificación fidedigna, a tres reunións consecutivas da xunta directiva ou a cinco non consecutivas no periodo dun ano natural.

Artigo 14. A elección de membros da Xunta directiva pola correspondente asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 15. A Xunta directiva proporá de entre os seus membros os cargos correspondentes, que serán ratificados cada ano pola asemblea xeral.

Artigo 16. A Xunta directiva reunirase cada trimestre do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo seu Presidente ou a pedimento dun terzo da totalidade dos seus compoñentes. A convocatoria da mesma enviarase tamén ao conxunto das ANPAs na que poderán participar con voz pero sen voto. Estará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e no prazo de media hora, calquera que sexa o numero de asistentes. Para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes ós presentes. En caso de empate, o voto do presidente ou presidenta será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 17. As facultades da Xunta directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea xeral.

Son facultades particulares da Xunta directiva:

- a) Dirixir as actividades da Federación de ANPAs Compostela e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da asemblea xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da asemblea xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Informar e asesorar ás ANPAs membros.
- f) Abrir e cancelar contas nas entidades bancarias e de aforro.
- g) Recibir as cotas que se establezan para as ANPAs na asemblea xeral, así como as subvencións e axudas económicas de calquera administración pública e privada.

- h) Elaborar e presentar os balances anuais, o estado de contas, os orzamentos, a memoria de xestión e o proxecto de actividades da Federación de ANPAs Compostela.
- i) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Federación de ANPAs Compostela.
- j) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da asemblea xeral ou esta lle e sexa conforme segundo a lei.

Artigo 18. O Presidente ou Presidenta terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Federación de ANPAs Compostela ante toda clase de Organismos Públicos ou privados. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a asemblea xeral e a Xunta directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordenar pagamentos e firmar os libramentos, cheques, etcétera. Recibir en nome da Federación calquera cantidade que proveña de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas. Autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Federación de ANPAs Compostela. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Federación de ANPAs Compostela aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta directiva. Asumirá tamén, en todo caso, tódalas facultades que a Lei establece.

Artigo 19. O Secretario ou Secretaria terá a seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Federación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, ordenará pagamentos e firmará os libramentos, cheques, etcétera ; así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigacións documentais, nos termos que legalmente correspondan e exercer a xefatura inmediata do persoal contratado pola Federación de ANPAs Compostela.

Artigo 20. O Tesoureiro ou Tesoureira estará encargado de recadar e conservar os fondos e bens da Federación. Levará o Libro de Caixa e firmará os libramentos de fondos, cheques, etcétera; elaborará o proxecto de presuposto que a Xunta directiva debe presentar ante a asemblea xeral e preparará as contas que deban someterse a decisión da asemblea xeral e cantas outras actividades realcionadas cos recursos económicos da Federación de ANPAs Compostela lle encargue a Xunta directiva.

Artigo 21. Os vogais terán as obrigacións propias do seu cargo como membro da Xunta directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 22. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta directiva serán cubertas polo/a candidato/a seguinte da listaxe á que pertence o/a substituído/a.

TÍTULO III

ASOCIADOS

Artigo 23.

- a) Poderán ser membros da Federación de ANPAs Compostela todas as asociacións de nais e pais dos alumnos e alumnas que cursan estudos nos centros públicos educativos da comarca de Santiago de Compostela, que así o soliciten por escrito. Co escrito de solicitude deberán achegar os seguintes documentos:
- Certificado ou copia da acta da asemblea xeral, favorable á solicitude de ingresar na Federación de ANPAs Compostela.
 - Copia dos estatutos da ANPA, co número de rexistro provincial de asociacións.
 - Relación nominal dos compoñentes da súa xunta directiva, na que se expresarán os cargos que desempeñan na mesma. Así como o domicilio social da ANPA e centro educativo a que pertence.
 - No prazo de trinta días naturais, a xunta directiva da Federación de ANPAs Compostela acordará a admisión da ANPA solicitante; se o acordo fose negativo farase constar por escrito os motivos que o fundamentaron. Neste caso a ANPA solicitante poderá recorrer contra esta decisión ante a primeira asemblea xeral que se realice. Esta decisión deberá ser motivada e inapelable, de non ser polo que dispoña a lexilación vixente. Na dita asemblea a ANPA solicitante poderá ser oída.
- b) A representación de cada asociación integrante da Federación de ANPAs Compostela recaerá nos dous membros que designe a súa Xunta Directiva mediante o correspondente escrito.

Artigo 24. Serán dereitos das asociacións federadas:

- a) Elixir e propoñer dous membros para tódalas funcións representativas da Federación de ANPAs Compostela.
- b) Ter voz e voto nas asembleas da Federación de ANPAs Compostela, a través dos seus representantes.
- c) Tomar parte en tódalas actividades da Federación de ANPAs Compostela e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio das asociacións federadas.
- d) Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós Órganos de Goberno da Federación.

- e) Demandar e recibir da Xunta directiva tanta información precisen sobre a xestión federativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Federación de ANPAs Compostela e na execución e eficacia dos mesmos.
- h) A obtenen o apoio da Federación de ANPAs Compostela para cumpri-los seus fins.
- i) A que se respecte a súa autonomía, sen interferir a Federación de ANPAs Compostela, agás que sexa esta requirida pola propia ANPA.

Artigo 25. Serán obrigas das asociacións federadas:

- a) Non utiliza-la Federación de ANPAs Compostela con fins políticos de carácter partidista.
- b) Observar e cumprir os estatutos da Federación de ANPAs Compostela e os acordos da asemblea.
- c) Respetar as competencias da Federación de ANPAs Compostela, polo que se absterá de formular comunicacións no seu nome.
- d) Contribuír economicamente ó sostemento da asociación na forma e modo que se estableza na asemblea xeral.
- e) Comunicarlle á Federación de ANPAs Compostela calquera cambio dos seus estatutos, dos órganos de goberno e do domicilio social.

Artigo 26. Unha asociación causará baixa na Federación:

- a) Por vontade propia, mediante acordo decidido na asemblea xeral, que lle será comunicado á Federación de ANPAs Compostela.
- b) Por incumprir as obrigas económicas ou estes estatutos.
- c) Por utilización da Federación con fins alleos ós específicos da mesma.
- d) A ANPA que por calquera causa deixe de pertencer á Federación de ANPAs Compostela, será responsable, na parte que lle corresponda, de tantas obrigas fosen contraídas coa Federación de ANPAs Compostela con anterioridade á súa separación ou expulsión.

Para excluír a calquera asociación polas causas do apartado b e c anteriores, deberá abrirse un expediente pola Xunta directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo se deberá oír ó propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ó expediente que estudará a Xunta directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase pola expulsión presentaraa na próxima asemblea xeral que despois de oír á Xunta directiva e ó representante da asociación se o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.

Artigo 27. Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Federación serán os seguintes:

- a. As cotas das asociacións federadas, periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola asemblea xeral a proposta da Xunta directiva.
- b. As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.
- c. Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 28. A Federación de ANPAs Compostela carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta directiva.

Artigo 29. A asemblea xeral elixirá os censores de contas de entre os delegados presentes, que non poderán ser da xunta directiva da Federación de ANPAs Compostela. Reuniranse polo menos 30 días antes da asemblea xeral ordinaria e aprobarán, co seu visto e prace, os balances e o estado de contas que presente a xunta directiva; no caso contario, expoñerán os puntos de vista relacionados coa súa competencia. Para desenvolver as súas funcións solicitaranlle á xunta directiva tanta información precisen, estando esta obrigada a facilitarlla.

O estado de contas da Federación de ANPAs Compostela seralles enviado, co informe dos censores de contas, ás ANPAs membros, antes de que teña lugar a asemblea xeral ordinaria.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

TÍTULO IV

DISOLUCIÓN

Artigo 31. Esta Federación de ANPAs Compostela disolverase voluntariamente cando así se acorde en asemblea xeral extraordinaria convocada ó efecto e co voto favorable dos dous terzos dos delegados presentes. Nos demais casos previstos pola lei.

Artigo 32. En caso de disolución da Federación de ANPAs Compostela, destinaranse os seus bens na forma prevista polo Código Civil no seu artigo 39º, agás que a asemblea xeral extaordinaria que acorde a disolución resolva determinar outros beneficiarios que se deberán dedicar a cumprir fins análogos aos da Federación de ANPAs Compostela.

A todo canto non estea previsto nos presentes estatutos aplicaráselle a vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e as disposicións complementarias.

M^a Luisa González Vázquez, con DNI 34961091X, en calidade de secretaria da Federación de ANPAs Compostela a que se refiren estes Estatutos.

CERTIFICA:

Que a modificación dos presentes estatutos foi aprobada en Asemblea Xeral da Federación de ANPAs dos Centros Públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do Concello de Santiago “Compostela” celebrada o 30 de maio de 2011 no Auditorio de Galiza.

En Santiago de Compostela a 3 de novembro de 2011.

A secretaria

O Presidente

M^a Luisa González Vázquez

Fernando Lacaci Batres